

HISTORIAS DE GALICIA. CAPÍTULO 5: LINGUA DE REIS, LINGUA DE POBO

As seguintes actividades permitiranche coñecer mellor a historia da lingua galega a través do capítulo 5 da serie *Historias de Galicia*, o titulado “Lingua de Reis, lingua de pobo”.

Antes de ver o documental

1. Cales son os feitos máis salientables que coñeces sobre a historia da lingua galega?
2. Este capítulo que imos ver pertence á serie documental *Historias de Galicia*. Cal ó nome do seu director? E do seu presentador?
3. Que é un documental?
4. Existen documentais que adoptan recursos de obras de ficción? Pensas que este que veremos é un destes casos? Para tentar responder a esta pregunta podes consultar a presentación da serie que atopamos na páxina web da TVG.

Entendendo o documental

1. Localiza os feitos no eixe cronolóxico da historia da lingua galega.
 - a) O rei Afonso X coordina a composición das Cantigas de Santa María.
 - b) Os habitantes de Galicia falan linguas prerromanas.
 - c) O Padre Sarmiento investiga a lingua galega e reclama o seu ensino e dignificación.
 - d) Publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.
 - e) Creación das Irmandades da Fala.

FORMACIÓN DA LINGUA	A IDADE MEDIA (s. IX a XV)	OS SÉCULOS ESCUROS (s. XVI a XVIII)	REXURDIMENTO (s. XIX)	O SÉCULO XX ATA 1936	O SÉCULO XX DE 1975 ATA HOXE
---------------------	----------------------------	-------------------------------------	-----------------------	----------------------	------------------------------

2. Por que escribiu Afonso X as Cantigas de Santa María en galego cando el foi o rei que lle deu ao castelán o pulo definitivo para convertelo en lingua oficial da corte?
3. Que son os Séculos Escuros? Por que reciben este nome?
4. Que é o Rexurdimento? Que libro se adoita considerar que lle dá inicio?

5. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:
- a) As Cantigas de Santa María, compostas no século XII inspíranse en libros de tradición clásica e na tradición oral popular.
 - b) Durante os primeiros séculos da Idade Media o galego-portugués non se escribía, xa que a lingua da escrita era o latín.
 - c) O Camiño de Santiago non posibilitou a chegada a Galicia de ideas de toda Europa.
 - d) No Panteón Real da catedral de Santiago está enterrado Afonso X.
 - e) O galego era usado por todas as clases populares na Idade Media.
 - f) No Paço de Ajuda atópase un importante Cancioneiro que contén máis de 300 cantigas compostas por autores galegos e portugueses.
 - g) Ata o século XV o galego séguese escribindo en documentos non literarios: bandos, acordos, contratos, etc..
 - h) Durante os Séculos Escuros o ensino levábase a cabo en galego e latín.
 - i) A 1ª edición de *Cantares gallegos* tivo unha repercusión e un éxito significativos.
 - j) O Rexurdimento literario vén acompañado dunha perda de falantes da lingua galega, especialmente nas cidades.
 - k) Rosalía de Castro inspirouse na tradición popular para compoñer as poesías de *Cantares gallegos*.
 - l) En realidade, ignórase a data exacta da publicación de *Cantares gallegos*.

Investigamos

- a) Localiza dous libros sobre a historia da lingua galega no catálogo da nosa biblioteca.
- b) Busca dúas fontes de información fiables en Internet para elaborar un pequeno traballo sobre a historia da lingua galega.
- c) Cales son os criterios que utilizaches para seleccionar as fontes de información fiables?

E agora... escribimos nós

Imos escribir conxuntamente un romance sobre a historia da lingua galega. Para isto, dividirémonos en seis grupos e cada un deles escribirá unha ou dúas estrofas sobre as etapas que aparecen no eixe cronolóxico.

Recursos

Capítulo 5 Historias de Galicia (TVG)

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-5-lingua-de-reis-lingua-do-pobo>